

vostede co fin de que o próximo día vintetrés de setembro ás nove trinta horas, asista na sala de vistas á celebración do xuízo de faltas arriba indicado, seguido por falta de furto (623), en calidade de denunciado.

Fáiselle saber que deberá comparecer ó acto de xuízo con tódolos medios de proba de que se intente valer (testemuñas, documentos, peritos...) e que poderá acudir asistido de letrado, se ben este non é preceptivo.

Apercibíndoo de que de residir no termo municipal, e non comparecer nin alegar causa xusta que llo impida, poderá impórsele unha multa, e recaerá sobre el o prexuízo a que haxa lugar en dereito e que, no caso de residir fóra deste termo, poderá dirixir por escrito a este xulgado na súa defensa e apoderar outra persoa para que presente no dito acto as probas de descargo que tiver, conforme o disposto no artigo 970 da Lei de axuízamento criminal.

E para que conste e sirva de citación a Francisco Javier Mendoza Hernando, actualmente en paradiro descoñecido, e para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, expido este edicto en Betanzos o tres de xullo de dous mil tres.

O secretario
Rubricado

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO UN DE PADRÓN

Edicto (71/2000).

Luis Fernández Arias González, secretario do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número un de Padrón, dá fe e testemuño de que na executoria de faltas 71/2000, se dictou este auto o cal na súa parte dispositiva di:

Declárase a José Antonio Sampayo Figueira insolvente civil e penal nos presentes autos

Impónsele ó condenado nesta causa José Antonio Sampayo Figueira, como responsabilidade persoal subsidiaria por non paga-la multa, á pena de cinco días de privación de liberdade.

Requírase o condenado para que de forma inmediata manifeste se opta polo cumprimento da pena de cinco días de arresto continuado ou solicita que esta sexa substituída pola de arrestos de fins de semana, entendéndose que no caso de non formular manifestación procederáse ó cumprimento da pena de arresto continuado.

E para que conste e sirva de notificación e requirimento en forma a José Antonio Sampayo Figueira, actualmente en paradiro descoñecido, e para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, expido este edicto en Padrón o 27 de xuño de 2003.

El secretario
Rubricado

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO UN DA CORUÑA

Edicto (409/2003).

Agustín Ignacio Pena López, secretario do Xulgado do Social número un da Coruña, fago saber que nos autos número 409/2003 seguidos por instancia de Jessica María Regueiro Varela, contra empresa *Bevajeny, S.L.* e Fogasa sobre despedimento, a maxistrada xuíza deste xulgado, Isabel Olmos Parés, dictou sentenza, con data do 30 de xuño de 2003, coa seguinte parte dispositiva:

«Que, debo estimar e estimo integramente as pretensións da demanda e cualifico como improcedente o despedimento obxecto deste proceso e condeno a empresa *Bevajeny, S.L.* a que readmita inmediatamente a Jessica María Regueiro Varela nas mesmas condicións que rexían antes de se produci-lo despedimento, ou ben, á elección do empresario, á extinción da relación laboral co aboamento á parte demandante dunha indemnización de 508,29 euros.

A devandita opción deberase exercer no termo de 5 días a partir da notificación desta sentenza, mediante escrito ou comparecencia diante deste xulgado. Transcorrido o dito termo sen que o empresario optase, entenderase que procede a readmisión.

Calquera que fose o sentido da opción, condeno así mesmo a parte demandada a que lle satisfaga á demandante os salarios que non teña percibido desde a data do despedimento ata a notificación desta resolución, tomándose en consideración para tal efecto o salario que se estima acreditado no feito probado primeiro, e tendo en conta a limitación que establece o artigo 57.1º do ET e que ata esta data ascenden á cantidade de 1.597,05 euros, a razón de 17,55 euros por día.

E debo absolver e absolvo o Fogasa sen prexuízo da súa responsabilidade subsidiaria nos casos previstos legalmente.

Notifíquelles esta sentenza ás partes, ás que se lles fará saber que en contra da dita resolución cabe o recurso de suplicación, que deberá anunciálo o seu avogado ou representante legal designado para o efecto, perante este xulgado, no prazo de cinco días contado a partir da notificación desta sentenza, por comparecencia ou por escrito das partes. É posible o anuncio por mera manifestación da parte recorrente ó ser notificada, e será resolto, se é o caso, e cumpridos os trámites legais, polo Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A empresa condenada deberá, ademais, acreditar, ó anuncia-lo recurso, ter consignado o importe da condena na conta de consignacións deste xulgado, aberta no *Banco Bilbao Vizcaya*, conta nº 5602-60, e que pode substituírse polo aseguramento mediante aval bancario, coa constancia da responsabilidade solidaria do avalista, máis outra cantidade de 150,25 euros na mesma conta e en calidade de depósito, nun impreso separado do do importe da condena.

Así, por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo».